

10 DE MARZO



Día da clase traballadora galega

Mobilizarse en defensa do emprego e das prestacións sociais

O 10 de Marzo é sempre unha data combativa, dende os feitos do ano 1972 en Ferrol e Vigo, a historia contemporánea da clase traballadora Galega compartiu numerosas loitas co resto da humanidade. Os dereitos recoñecidos hoxe no mundo do traballo, a representación sindical, a negociación dos Convenios, as vacacións, o dereito a folga, as coberturas e prestacións públicas, a protección ó desemprego a sanidade, etc teñen os antecedentes nas loitas e conquistas da clase traballadora.

Hoxe a crise económica dun sistema que se apropia da riqueza que creamos coa nosa forza de traballo, está a ter unhas consecuencias que non podemos ignorar na destrución do emprego, na exclusión e empobrecemento social e na multiplicación da precariedade no traballo. Coa coartada desta crise, os empresarios pretenden abaratar os despedimentos, reducir os salarios, desregular as condicións de traballo na xornada, nas vacacións, etc. Todo o que durante anos acadamos coas nosas loitas, pretenden arrebatálo como tributo para un sistema económico que sobrevive nunha indiferencia mecánica aos problemas de pobreza, fame, enfermidades ou paro na humanidade. Moi ao contrario, este modelo económico provoca estes dramas sociais.

Naquel 10 de Marzo a loita dos obreiros en Ferrol e Vigo, pretendía algo tan xusto e indiscutido hoxe como a negociación dos Convenios na nosa terra, a mellora das condicións de traballo, salarios dignos. Todo isto segue a ter unha permanente actualidade e será unha constante nas nosas demandas. Pero hoxe a ameaza sobre o emprego e as prestacións sociais, deben reclamar a nosa principal atención. As políticas de apoio ao sistema

produtivo de Galiza deben ter unha atención prioritaria, asegurando axudas a traveso dunha Banca Pública Galega; da mesma maneira, nunca deberán quedar desprotexidas as clases traballadoras unha vez que rematen as prestacións por desemprego. O salario de inserción social deberá ser entón un recurso de auxilio ata a incorporación de novo ao mundo do traballo.

Cos recursos públicos estase a pagar a usura e a especulación da banca sen que se organicen medidas para a recuperación de emprego. A precariedade, a explotación, os baixos salarios e o recorte das prestacións públicas, fixeron que os ricos acumularan mais riqueza, mentres a nosa economía fíxose mais dependente dos cretos para mellor negocio do capital financeiro. Agora para nós toca un punto de inflexión nesta política. Este 10 de marzo día da clase obreira galega, correspóndenosen sentar unhas novas bases de solidariedade e dereitos no traballo. A defensa do emprego e unha maior cobertura nas prestacións sociais deberá estar en correspondencia co grao de soberanía política para o pobo galego, so así administraremos con xustiza a nosa riqueza para a maioría da sociedade.

MANIFESTACIÓNS

Ferrol: ás 20h dende o local da cig (Avenida de Esteiro)
Vigo: ás 20 horas dende a Vía Norte

